



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 23)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de xuño de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de xuño de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 6000 EXEMPLARES DA SEGUNDA EDICIÓN DO LIBRO GUÍA “OS BOLECHAS, DA ESCOLA Á GRANXA” E UNHA UNIDADE DA VERSIÓN DIXITAL CON LOCUCIÓN, EDITADO POR EDICIONES BOLANDA S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de xuño de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7OW2L2ZFY5ZHOAZNQ4BDC44.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OWDRKBZBMR3UD7X4N547BGA.
3. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7OWDRILQN3VGFSYYPSCPXTEU.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OW2INPDZ55WZJSY5NOBRPOU.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7OXUHCZJMPXOJOUIMAAUPGD4.



6. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7OXUH2ZPVSJT44A4EEGF7QPY.

7. Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7OXUK5MDZ6LD45QAHN7YRWOY.

8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7OQTS6ZAXZRXHC5T6SMMAE6U.

9. Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2023, con CSV: IV7OQ63LIAH57KOIYMQFMBKOAU, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 03 de maio de 2023, con CSV: IV7OSWJKDH732W4JYRQVB5QF4Y, que recolle o seguinte:

(...) Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que o certificado de sinatura electrónica do representante da única licitadora concorrente aparece caducado con data 19 de xuño de 2021. A mesa de contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade, requirir á empresa Ediciones Bolanda S.L., para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presente no prazo de tres días hábiles, debidamente asinada e cumprimentada, a declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos, nomeada “Anexo I” no PCAP (...)

11. Acta da Mesa de Contratación do día 09 de maio de 2023, con CSV: IV7OSKS4GBUSV2RI7UPG53ZF6Q, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar compróbase polos asistentes que a empresa Ediciones Bolanda S.L. subsanou en tempo e forma o Anexo I - declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos- polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmulas matemáticas ou avaliábles de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Ediciones Bolanda S.L. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP)”.

12. Acta da Mesa de Contratación do día 19 de maio de 2023, con CSV: IV7O6SK5HAOILNOL2R5QA53VBY, na que se recolle o seguinte:

“(…)Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador reduce o prazo máximo de entrega (dous meses) en máis de 20 días naturais, polo que acada 15 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EDICIONES BOLANDA S.L.	Fase I Oferta presentada: 17.335,32 € (IVE ENGADIDO): 0 puntos Fase II. Oferta presentada: Redución do prazo de entrega superior a 20 días: 15 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos+ 15 puntos = 15 puntos

2º.- Requirir a Ediciones Bolanda S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con



anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
Ediciones Bolanda S.L.	819,6 €

(...)"

13. Resolución de Presidencia do 01 de xuño de 2023 de clasificación e requirimento de documentación, con CSV: IV7O6KXCB5MN5CWM6HQDJ3XRPY.

14. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 05 de xuño de 2023.

15. Documentación presentada pola empresa Ediciones Bolanda S.L. a través da plataforma de contratación do sector público o día 09 de xuño de 2013 e da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo o día 15 de xuño de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 16 de xuño de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ediciones Bolanda S.L.a contratación da subministración de 6.000 exemplares da segunda edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa” e unha unidade da versión dixital con locución. da publicación”, por importe de 16.392 €, ao que se aplicará un IVE de 943,32 euros (4% ou do 21%, segundo corresponda), o que fai un total de 17.335,32€.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ediciones Bolanda S.L. a contratación da subministración de 6.000 exemplares da segunda edición do libro guía “Os bolechas, da escola á granxa” e unha unidade da versión dixital con locución. da publicación”, por importe de 16.392 €, ao que se aplicará un IVE de 943,32 euros (4% ou do 21%, segundo corresponda), o que fai un total de 17.335,32€.

2º.- O prazo máximo de entrega resultante é o ofertado polo adxudicatario, que reduce en máis de 20 días o prazo máximo -de dous meses - establecido nos PCAP.-

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de xuño de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Primeiro.- Outros. Execución da Resolución 89/2023 do TACGAL.

Segundo.- Outros. Acordos que procedan.

1. Informe relativo á necesidade da contratación, con CSV: IV7ATWI5DPUM4SFD5QHXARJ6GY¹.
2. Xustificación da non división en lotes, con CSV: IV7A437OF5BSR2BDCYPHH7XX6I.
3. Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A437PKBNSR7PNXRNCGFRACI.
4. Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A47H2JP7CYT72UUNVHZLUMI.
5. Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Encargado de Portería e Vixilancia, con CSV: IV7A47HSOAFZXC5D67YRPZRGCM.
6. Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7A4DJ63UPN5FBKTUUGEULTGA.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

7. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7A4DILFVE5TDZTWRF4D7H4.

8. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A47PNPMFZ7CN6DVO5H3RR6E.

9. Informe xurídico complementario, con CSV: IV7A4DJY3QVCTHZ7WIGH4R2HOM.

10. Informe da Intervención Xeral, con CSV: IV7A4GPOBVJSJTZD2M5XP4CEKA.

11. Informe de fiscalización/intervención limitada previa do expediente, con CSV: IV7A4GPPFIWNXKBS2BXHC4ZHCQ.

12. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7A4GTSNMHPXXMJSEACCJCDKM.

13. Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A4GX5NB6CJLNT43QWGV7KA.

14. Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 30 de setembro de 2022.

15. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 04 de outubro de 2022.

16. Acta da Mesa de Contratación do día 07 de novembro de 2022, con CSV: IV7A3SRS3NB3ZPOT4JVV65QBLV, na que se recolle o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, e de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do Anexo I presentado polos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.
2.-CLECE SEGURIDAD
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.
6.- SASEGUR S.L.



Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP, se ben o Presidente da Mesa de Contratación destaca as seguintes peculiaridades dos Anexos presentados:

Clece Seguridad, non autoriza á verificación directa das certificacións que se esixen de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Ilunion Seguridad, S.A., declara que deben terse por confidenciais os seguintes documentos: O contido da memoria técnica que se inclue no sobre B.

Sasegur S.L. declara que os seguintes documentos da oferta deben ser considerados confidenciais:

Sobre: Documentación técnica:

1- Calidad en el empleo oferta de mejoras sociales o Confidencial: 1 al 6.

2- Propuesta organizacion y prestacion del servicio o Confidencial: 1 al 5 y del 8 al 26
o No confidencial: 6 y 7.

Sobre: Proposición económica:

Plan de formación: o Confidencial: 1 al 9 y 13 al 16

o No confidencial: 10, 11, 12 y 17.

A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura en acto público do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación baseados en xuízos de valor.

No caso das ofertas técnicas presentadas polas empresas Alcor Seguridad, S.L., Clece Seguridad, Grupo Control Empresa De Seguridad S.A., Ilunion Seguridad, S.A. e Salzillo Seguridad S.A. queda contrastado pola mesa que ningunha das propostas presentadas excede do

número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación (25 páxinas excluída a portada e o índice).

Pola contra, a oferta técnica presentada por Sasegur S.L., non cumpre os límites fixados no PCAP:

“O licitador deberá presentar a oferta técnica por escrito e en formato dixital nun único ficheiro cunha versión en formato .pdf compatible co Adobe Acrobat Reader. A oferta do licitador deberá estar paxinada e conter un índice detallado. O tipo de fonte utilizado non poderá ser inferior aos 11 puntos e a extensión máxima da proposta técnica non poderá superar as 25 páxinas.”

A mercantil aporta dous ficheiros para oferta técnica, un primeiro ficheiro que consta de de 6 páxinas nomeado – Calidad en el empleo oferta de mejoras sociales e un segundo ficheiro de 26 páxinas nomeado propuesta organización y prestación del servicio.

Tendo en conta o antedito, acórdase someter as ofertas técnicas presentadas a valoración e informe do servizo correspondente.”

17. Informe técnico con CSV: IV7BWSAMPAJM3BODUEAG477TEY.

18. Acta da mesa de contratación do día 16 de decembro de 2022, con CSV: IV7BQTACBMNYIS6YXVFHE5AX6M, na que se recolle o seguinte:

“Tómase a decisión, por unanimidade da Mesa, de analizar máis en profundidade o informe emitido polo órgano xestor quedando emplazados a convocar unha nova mesa.”

19. Informe de valoración das ofertas técnicas, con CSV: IV7B4LK2LIP3ZOZ2C5MX6DQFNY.

20. Acta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B6XL2ZZ4J5TOPDTXWIYDABY, na que se recolle o seguinte:



“O Presidente da conta do informe con CSV: IV7B4LK2LIP3ZOZ2C5MX6DQFNY, emitido polo Responsable II de Portería, Vixilancia e Seguridade Edificios Descentralizados, José Miguel Traseira González, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polas empresas licitadoras neste procedemento, atribuíndolles a seguinte puntuación:

LICITADORES	Mejorassociales	Análisis de riesgos y amenazas	Medios Materiales	Medios humanos	Mejoras	PuntuaciónTotal
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	2,50	1,00	0,50	1,00	1,00	6,00 puntos
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	2,50	3,00	4,00	2,50	2,50	14,50 puntos
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	0,00	3,00	3,00	2,00	4,00	12,00 puntos
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	4,00	4,50	5,00	5,00	4,00	22,50 puntos
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	2,50	3,00	3,00	4,00	2,00	14,50 puntos
6.- SASEGUR S.L.	3,50	5,00	2,00	1,00	0,00	11,50 puntos

A mesa de contratación acorda aceptar o informe avaliador dos criterios baseados en xuízos de valor, facelo seu e publicalo na Plataforma de Contratación do Sector Público e consecuentemente proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO	BOLSA DE HORAS	FORMACIÓN
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	2.861.650,00 €	2.000	2
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	2.997.083,34 €	2.000	2
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	2.902.911,00 €	2.000	2
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	2.952.182,76 €	2.000	2
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	2.976.399,26 €	2.000	2
6.- SASEGUR S.L.	2.994.874,82 €	2.000	2
LICITADORES	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FORMACIÓN
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	45,00	20	5
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	42,97	20	5
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	44,36	20	5
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	43,62	20	5
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	43,27	20	5
6.- SASEGUR S.L.	43,00	20	5

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade outorgar as seguintes puntuación ás ofertas presentadas:

LICITADORES	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	6,00	70,00	76,00
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	14,50	67,97	82,47
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	12,00	69,36	81,36
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	22,50	68,62	91,12
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	14,50	68,27	82,77
6.- SASEGUR S.L.	11,50	68,00	79,50

Polo antedito a mesa de contratación acorda, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia ponderación:

NÚMERO DE ORDE	LICITADOR	NOTAS
1	ILUNION SEGURIDAD S.A.	91,12
2	SALZILLO SEGURIDAD S.A.	82,77
3	CLECE SEGURIDAD	82,47
4	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.	81,36
5	SASEGUR S.L.	79,50
6	ALCOR SEGURIDAD S.L.	76,00

2º.- Requirir á empresa Ilunium Seguridad S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 %
2.439.820,46	121.991,02 €

(...)"

21. Resolución de Presidencia do 06 de febreiro de 2023, pola que se aproba a proposta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, se clasifica aos licitadores, e se require ao mellor clasificado a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP.



22. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 08 de febreiro de 2023.

23. Escrito presentado a través da sede electrónica da Deputación Provincial de lugo, pola empresa Salzillo Seguridad S.A. o día 03 de febreiro de 2023, con RXE: 2023RT001417.

24. Escrito presentado a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, pola Central Sindical Obrera Independiente o día 15 de febreiro de 2023, con RXE: 2023RPE002750.

25. Documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP, presentada pola empresa Ilunion Seguridad S.A. a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de febreiro de 2023.

26. Acta da mesa de contratación do día 17 de febreiro de 2023, con CSV: IV7B2XB6HVEMTRHI6MH5AH3WBY , na que se recolle o seguinte:

“O Presidente da conta dos escritos presentados pola mercantil Salzillo Seguridad S.A., con RXE: 2023RT001417 e pola central sindical CSOI, con RXE: 2023RPE002750, nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro polo que regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 731/2010, do 28 de maio sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Á vista dos escritos presentados, a mesa de contratación acorda – en aras de garantir o bo curso do procedemento e con independencia de que a inscrición no rexistro teña carácter declarativo ou constitutivo - requirir á empresa Ilunium Seguridad S.A. para que no prazo de cinco días hábiles remita acreditación documental sobre este extremo e/ou cantas alegacións mellor conveñan ao seu dereito.”

27. Requirimento de información adicional cursado á empresa Ilunion Seguridad S.A. o día 27 de febreiro de 2023, a través da plataforma de contratación do sector público e traslado á empresa dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independente.

28. Documentación presentada a través da plataforma de contratación do sector público pola empresa Ilunion Seguridad S.A., o día 06 de marzo de 2023, en resposta ao requirimento efectuado pola mesa de contratación.

29. Acta da Mesa de contratación do día 21 de marzo de 2023, con CSV: IV7BGCCKNYUL2XZLZQYNKUACPY, na que se recolle o seguinte:

“(…) Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 21 de marzo de 2023, unha vez estudado o contido dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independiente - nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada - comprobadas as manifestacións realizadas empresa Ilunion Seguridad S.A., e atendendo ás resolucións máis recentes emitidas polos tribunais de contratación pública (por todas Resolución 44/2023, do TACGAL e Resolución 1664/2022 do TACRC), conclúe que a inscrición do plan de igualdade no referido rexistro non ten carácter constitutivo, o que non imposibilita continuar co procedemento de contratación.

Acto seguido procédese a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa de contratación. Incorporase ao expediente bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.



A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ilunion Seguridad S.A., a contratación do servizo de vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por un período de dous anos, polo importe de 2.439.820,46 euros, aos que haberá que engadir 512.362,30 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 2.952.182,76 euros; ofertando sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, unha bolsa de 2.000 horas de libre disposición (a maiores das 2.000 horas mínimas esixidas no PPT) e un plan de formación que comprende 2 cursos anuais cunha duración de 10 horas cada un.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

30. Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7OU3HKOEZ27OFOCQUABIPKE.

31. Acordo de Xunta de Goberno relativo á adxudicación da contratación, do día 31 de marzo de 2023, con CSV: IV7OU3ICMH7PJDVIWFGBBZZH6Y.

32. Notificación aos interesados e anuncio de adxudicación, publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 31 de marzo de 2023.

33. Recurso especial en materia de contratación (nº 71/2023), interposto pola mercantil Salzillo Seguridad S.A.

34. Acordo da Xunta de Goberno do día 28 de abril de 2023, relativo ao Recurso Especial en Materia de Contratación 71/2023 (CSV: IV7OSSKSBLR5RHZTUBVT4TQFOY).

35. Resolución 89/2023, do TACGAL.

36. Acta da mesa de contratación do día 07 de xuño de 2023, con CSV: IV7OYW2JFXU45FNDA5VHGELOMQ , na que se recolle o seguinte:

“O Presidente da conta da Resolución 89/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que estima parcialmente o recurso interposto pola empresa Salzillo Seguridad S.A. e ordena retrotraer o procedemento ao momento en que o licitador debeu aportar probas da adopción de medidas suficientes que permitan demostrar a súa fiabilidade.

Vista a resolución do TACGAL, a mesa, aínda que considera que ten realizado a actuación requirida con carácter previo, tal e como consta no expediente, acorda executala nos seus propios termos, requirindo a Ilunion Seguridade , para que no prazo de cinco días hábiles, aporte “probas da adopción de medidas suficientes que demostren a súa fiabilidade” no ámbito discutido relativo ó artigo 71 da LCSP.”

37. Requirimento de documentación, cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, o día 09 de xuño de 2023.

38. Documentación, presentada pola empresa Ilunion Seguridade, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, o día 09 de xuño de 2023.

Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, 20 de xuño de 2023, o Presidente da conta aos asistentes de que co obxecto de executar a Resolución 89/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, a mesa de contratación acordou requirir a Ilunion Seguridade, para que no prazo de cinco días hábiles, aporte “probas da adopción de medidas suficientes que demostren a súa fiabilidade” no ámbito discutido relativo ó artigo 71 da LCSP; requirimento que se cursa a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 09 de xuño de 2023.

A mercantil, presentou a documentación obxecto de estudo a través da mencionada plataforma no prazo otorgado a tales efectos.

Vista a documentación apreciase que o licitador amosou sobradas mostras de fiabilidade respecto da discutida prohibición para contratar, por canto ten acreditado “contar cun plan de igualdade de oportunidades, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes”, dacordo cos seguintes extremos:

1. Incorporación do plan de igualdade de oportunidades ao convenio colectivo publicado no BOE, que obtén maior difusión que a publicación no RECGON.



2. Vixencia do plan de igualdade de oportunidades segundo a documentación obrante no expediente.

3. A empresa matriz dispoñía dun plan de igualdade de oportunidades rexistrado no momento da licitación.

A maior abundamento, ten aportado nesta fase documentación complementaria que non desminte a plena fiabilidade do licitador, por canto contaba “cun plan de igualdade de oportunidades”

Polo que esta mesa de contratación, tendo en conta redacción do artigo 71.1.d), considera que a empresa Ilunion Seguridad, S.A., non se atopa incursoa en prohibición para contratar.

A Mesa de Contratación, acorda, por unanimidade dos seus membros, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ilunion Seguridad S.A., a contratación do servizo de vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por un período de dous anos, polo importe de 2.439.820,46 euros, aos que haberá que engadir 512.362,30 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 2.952.182,76 euros; ofertando sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, unha bolsa de 2.000 horas de libre disposición (a maiores das 2.000 horas mínimas esixidas no PPT) e un plan de formación que comprende 2 cursos anuais cunha duración de 10 horas cada un.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa empresa Ilunion Seguridad S.A., a contratación do servizo de vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por un período

de dous anos, polo importe de 2.439.820,46 euros, aos que haberá que engadir 512.362,30 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 2.952.182,76 euros coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	ANO 2023	D	ANO 2024	D	ANO 2025	D
PAZO PROVINCIAL	9200.22701	263.713,76 €	92023/3010	395.570,63 €	920239/104	131.856,88 €	920239/104
SANTA MARIA	9200.22701	187.594,33 €	92023/3012	281.391,49 €	920239/106	93.797,16 €	920239/106
PAZO DOS DEPORTES	3420.22701	175.184,29 €	92023/3016	262.776,44 €	920239/108	87.592,15 €	920239/108
MUSEO PROVINCIAL	3330.22701	236.687,90 €	92023/3018	355.031,85 €	920239/110	118.343,95 €	920239/110
PAZO DE TOR	3332.22701	111.213,98 €	92023/3019	166.820,97 €	920239/112	55.606,98 €	920239/112
BOLSA MÍNIMA DE HORAS	9200.22701	9.666,67	92023/23043	14.500,00	920239/116	4.833,33	920239/116
TOTAL ANUALIDADES		984.060,93		1.476.091,38		492.030,45	
TOTAL CONTRATO				2.952.182,76 €			

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade de 984.060,93 €, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Ofértase sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, unha bolsa de 2.000 horas de libre disposición (a maiores das 2.000 horas mínimas esixidas no PPT) e un plan de formación que comprende 2 cursos anuais cunha duración de 10 horas cada un. O prezo/hora ofertado polo licitador é de 14,50 prezo/hora (IVE engadido)

3º.- A duración deste contrato é de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, que se realizará unha vez formalizado o contrato. Prevéese o inicio da prestación o día 01 de maio de 2023.



4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade, solicitando modificación de proxecto de investimento incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	273	AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	0,00 €	58.671,30 €	58.671,30 €

4. En Xunta de Goberno de data 14 abril de 2023 aprobouse unha primeira modificación do proxecto debido a que a “modificación responde á necesidade de desenvolver o proxecto básico “Casa da Veciñanza de Roupar, que se desenvolve na mesma parcela que a área de xogos...” e sen variación no orzamento, quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	273	REFORMADO AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	0,00 €	58.671,30 €	58.671,30 €

5. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, relativos á adxudicación do investimento.

6. A Alcaldía do Concello de Xermade, a través de escrito de data 16/06/2023 solicita:

a) Unha modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 273, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... cambios na medición da partida E4155 m2 pavimento continuo de caucho encapsulado.”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE		REFORMADO AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	10.880,19 €	58.671,30 €	69.551,49 €

7. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Xermade que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o

plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE		REFORMADO AREA DE XOGOS INFANTIS EN ROUPAR	10.880,19 €	58.671,30 €	69.551,49 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	256	MELLORA DE CAMIÑOS COSTA: GRANDELA A LU-P-5202 (VILASELÁN); ACCESO AO MATADOIRO (PIÑEIRA); O COTO- A SIÑEIRA (VILAFRAMIL); CAMPO DE MARÍA MÉNDEZ (RINLO) E A PEDREIRA (A DEVESA)	7.494,32 €	173.222,61 €	180.716,93 €
RIBADEO	257	MELLORA CAMIÑOS INTERIOR: A FAXARDA-IGREXA (OVE); VILELA (COVELAS); MARELLE -SAA-SALCEDO (COVELAS); TRAPA (CEDOFEITA); CEI (ARANTE); IGREXA (SANTALLA); SENDÍN (COUXELA) E IREXE (COUXELA)	7.494,32 €	173.222,60 €	180.716,92 €

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Ribadeo a través de escrito de data 14/06/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimentos nº 256-257, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... detectado erro material ao non ser concordantes o desglose solicitado cos proxectos...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	256	MELLORA DE CAMIÑOS COSTA: GRANDELA A LU-P-5202 (VILASELÁN); ACCESO AO MATADOIRO (PIÑEIRA); O COTO- A SIÑEIRA (VILAFRAMIL); CAMPO DE MARÍA MÉNDEZ (RINLO) E A PEDREIRA (A DEVESA)	7.494,32 €	149.318,66 €	156.812,98 €
RIBADEO	257	MELLORA CAMIÑOS INTERIOR: A FAXARDA-IGREXA (OVE); VILELA (COVELAS); MARELLE -SAA-SALCEDO (COVELAS); TRAPA (CEDOFEITA); CEI (ARANTE); IGREXA (SANTALLA); SENDÍN (COUXELA) E IREXE (COUXELA)	7.494,32 €	197.126,55 €	204.620,87 €

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Ribadeo que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribadeo, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxectos de investimentos relativos ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2023 modificado nos investimentos do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	256	MELLORA DE CAMIÑOS COSTA: GRANDELA A LU-P-5202 (VILASELÁN); ACCESO AO MATADOIRO (PIÑEIRA); O COTO- A SIÑEIRA (VILAFRAMIL); CAMPO DE MARÍA MÉNDEZ (RINLO) E A PEDREIRA (A DEVESA)	7.494,32 €	149.318,66 €	156.812,98 €
RIBADEO	257	MELLORA CAMIÑOS INTERIOR: A FAXARDA-IGREXA (OVE); VILELA (COVELAS); MARELLE -SAA-SALCEDO (COVELAS); TRAPA (CEDOFEITA); CEI (ARANTE); IGREXA (SANTALLA); SENDÍN (COUXELA) E IREXE (COUXELA)	7.494,32 €	197.126,55 €	204.620,87 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Proposta de aprobación do convenio tipo de cooperación interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e os concellos dos municipios da provincia con menos de 20.000 habitantes para participar nas actuacións a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo da orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (Exp. 2023/PES_03/012349) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Pola Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, se aprobaron as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (publicada no BOE do 1 de setembro de 2022).

Segundo.- A Deputación Provincial de Lugo, por resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política territorial, ten a condición de entidade beneficiaria de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia.

Polo tanto a Deputación Provincial de Lugo é a responsable da xestión e execución dos proxectos presentados onde os destinatarios finais das actuacións a realizar pola Deputación Provincial de Lugo (tal e como se desprende do artigo 3.1.b) da Orde TER/836/2022) son os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión o Padrón Municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

Terceiro.- Dende o Servizo de Comunicación e Tics -Sección de Novas Tecnoloxías- solicitouse “que polo Servizo de Contratación e Fomento (Sección de Fomento), se realicen os trámites oportunos para aprobar o instrumento xurídico que se considere máis conveniente, aos efectos de formalizar a colaboración entre a Deputación de Lugo e os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes que estean interesados en adherirse a algunha/s das actuacións contempladas nos proxectos para os que se concederon ás subvencións reguladas na Orde TER/836/2022”.



Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- A lexislación de réxime local, no artigo 30 do TRRL establece que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: (...) c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- A regulación dos convenios ven recollida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, onde literalmente se establece que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...)”.

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Segunda.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

Primeira.- Para xestionar e executar ás subvencións reguladas na Orde TER/836/2022, das que a Deputación ten a condición de entidade beneficiaria, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase da necesidade da aprobación dun convenio tipo a formalizar cos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes que estean interesados en adherirse a algunha/s das actuacións contempladas nos proxectos para os que se concederon ás subvencións reguladas na Orde TER/836/2022.

Segunda.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Terceira.- O órgano competente para a aprobación do convenio é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59 apartado 8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público“.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do *Convenio tipo de cooperación interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e os concellos dos municipios da provincia con menos de 20.000 habitantes para participar nas actuacións a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo da orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de*



subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia cuxo contido é o seguinte:

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don/a.....alcalde/sa do Concello de..... con N.I.F.....e sede social....., actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- Pola Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, se aprobaron as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (publicada no BOE do 1 de setembro de 2022).

Segundo.- A Deputación Provincial de Lugo, por resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política territorial, ten a condición de entidade beneficiaria.¹

Polo tanto a Deputación Provincial de Lugo é a responsable da xestión e execución dos proxectos presentados onde os destinatarios finais das actuacións a realizar pola Deputación Provincial de Lugo (tal e como se desprende do artigo 3.1.b) da Orde TER/836/2022) son os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión o Padrón Municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

¹<https://www.boe.es/boe/dias/2023/06/09/pdfs/BOE-A-2023-13746.pdf>

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo porá, a disposición dos destinatarios finais das axudas, as actuacións subvencionables desenvolvidas as cales poderán consistir na entrega de bens, dereitos e servizos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto a posta a disposición do concello de..... das actuacións subvencionables a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo no marco da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, e que se atopan relacionadas no Anexo I do presente convenio.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello.....

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Por a disposición do concello de.....as actuacións subvencionables a desenvolver no marco da Orde TER/836/2022 ás que se refire a cláusula primeira e que se relacionan no Anexo I do presente convenio.

O centro xestor da Deputación Provincial de Lugo (Servizo Servizo de Comunicación e TICs, coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá), será o encargado de determinar o alcance das actuacións a executar en cada concello tendo en conta todas as solicitudes



presentadas, as necesidades dos concellos aos que se dirixen estas actuacións e o importe total da axuda concedida a Deputación Provincial de Lugo mediante a Resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política territorial.

De acordo co exposto, a entidade provincial poderá reformular as actuacións a desenvolver en cada concello co obxecto de adaptalas ao importe total da axuda á Deputación Provincial de Lugo e así procurar a correcta execución das cantidades que figuran na mencionada resolución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Dar publicidade das actuacións obxecto deste convenio nos termos do artigo 4.2 da Orde TER/836/2022.

3.2. O Concello de.....

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de..... comprométese ao seguinte:

1. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

2. Dar publicidade das actuacións obxecto deste convenio nos termos do artigo 4.2 da Orde TER/836/2022.

3. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

4. Asumir o mantemento das actuacións subvencionables a desenvolver no marco da Orde TER/836/2022 e postas a súa disposición.

5. Designar a unha persoa de contacto ao obxecto de facilitar a información necesaria para a execución do obxecto do convenio.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade do resultado da cooperación.

Os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins serán financiados con cargo ás subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (publicada no BOE do 1 de setembro de 2022) das que a Deputación Provincial é entidade beneficiaria.

O resultado da cooperación será do concello de.....

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, respectando en todo caso, o límite temporal do artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

O instrumento acordado polas partes asinantes para o seguimento, vixilancia e control do Convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes é a Comisión de Seguimento.

Poderá constituirse unha Comisión de Seguimento, tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.



Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Novena.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do

Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e



seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

Anexo I. Relación de actuacións a desenvolver no marco da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Don/a....., alcalde/sa do Concello de....., con N.I.F.....e sede social....., actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local

Manifesta.

1. Que o Concello ao que representa desexa participar nas actuacións² que a Deputación Provincial de Lugo vai a desenvolver no marco dos proxectos aprobados por resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación autonómica e local do ministerio de política territorial, no marco da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

²As actuacións recollidas no Proxecto 1 deben solicitarse obrigatoriamente por todos os concellos para cumprir coas bases da convocatoria (Orde TER/836/2022). As actuacións recollidas no Proxecto 2 e no Proxecto 4 son de carácter voluntario para os concellos que estean interesados podendo seleccionar tantas como consideren oportunas.

Marcar cunha X as actuacións nas que o Concello desexa participar:

PROXECTO 1: Adecuación ao esquema nacional de interoperabilidade e mellora da eficiencia dos servizos básicos de administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade supramunicipais.		LIÑA 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.
Actuación		Descrición
	Servizos de interoperabilidade do aplicativo de administración electrónica do concello.	<p>Análise da situación actual do concello en canto a servizos de interoperabilidade implantados nos seus aplicativos de administración electrónica (tramitador de expedientes, sede electrónica e rexistro)</p> <p>Implantación dos servizos de interoperabilidade obrigatorios:</p> <p>Integración do rexistro municipal co sistema SIR de intercambios rexistrais.</p> <p>Integración do tramitador de expedientes electrónico co sistema de notificacións do Estado, Notific@ a través da Dirección Electrónica Habilitada única (DEHÚ).</p> <p>Integración do sistema de tramitación electrónico de facturas, a través da integración e adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado: FACe.</p> <p>Integración do tramitador de expedientes electrónico municipal coa Carpeta Ciudadana do sector público estatal, para remitir información dos expedientes que se tramitan dende ese municipio.</p> <p>Implantación de outros servizos de interoperabilidade opcionais.</p>
PROXECTO 2: Concellos da provincia de Lugo resilientes, creación de oficinas municipais de prestación de servizo electrónicos aos cidadáns e implantación do sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais.		LIÑA 4. Infraestruturas dixitais
Actuación		Descrición
	Oficinas de asistencia en materia de rexistro.	Subministración do equipamento necesario (PCs, escanes de mesa) para reconverter o servizo de Rexistro municipal nunha oficina de asistencia cidadá, onde os cidadáns poidan realizar os seus trámites online cos seus propios terminais baixo a supervisión dos funcionarios ou solicitar a estes funcionarios que os asista.
	Concellos resilientes	Subministración de ferramentas colaborativas cloud (de ofimática cloud en modo SaaS) así como de equipos que faciliten a mobilidade e o traballo a distancia (portátiles con dock station)
	Videoplens	Subministración do equipamento (cámaras, micrófonos, gravadores, etc) e do software necesario para automatizar o proceso de creación de actas dos plenos municipais, a través da substitución do acta en papel por unha gravación asinada dixitalmente da sesión (acorde ao decreto 24/2018, del 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de revolucións das entidades locais galegas aprobado pola Vicepresidencia e Consellería de presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia)
PROXECTO 4: Concellos da Provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles		LIÑA 1. Administración orientada ao cidadán.
Actuación		Descrición
	Ferramentas de accesibilidade na web municipal	De cara a mellorar a accesibilidade das webs corporativas municipais, ofrecerase un servizo cloud que establecerá unha capa sobre a propia web ofrecendo ferramentas para facilitar acceso e a navegación a persoas con dificultades: lectura da web, axustar tamaños de letras, navegación por teclado ou por voz, etc.
	Implantación dun chatbot na web municipal para a axuda ao cidadán	Servizo de chatbot integrado coa web municipal adestrado para responder as principais consultas dos cidadáns e que os guíe na consulta dos servizos públicos
	Implantación dun módulo de transparencia financeira no portal de transparencia do concello	Completarase o portal de transparencia do concello cun módulo adicional que permita ao contribuínte ver, de forma gráfica, o estado do orzamento e a que se destinan os seus impostos, partindo da información que a entidade xa debe comunicar de forma periódica a diferentes entes fiscais (tribunal de contas, etc).

2. O Concello dedesigna cómo responsable e interlocutor único para a realización das actuacións mencionadas no punto anterior e colaborar coa Deputación Provincial de Lugo na definición do alcance e na implantación das mesmas, así como para levar a cabo o seguimento e inspeccións posteriores, á seguinte persoa:

RESPONSABLE/INTERLOCUTOR DO CONCELLO	
Nome e Apelidos	
Posto no concello	
Teléfono de contacto	
E-mail de contacto	



A Deputación Provincial de Lugo en base as actuacións demandadas polos concellos e en base ao estado actual e as necesidades que cada concello transmita poderá reformular as actuacións a desenvolver en función dos importes concedidos na resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política territorial en relación á Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, sempre no marco dos proxectos e liñas que se indican na táboa anterior.

2º.- Establecer que os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes que estean interesados en adherirse a algunha/s das actuacións contempladas nos proxectos para os que se concederon ás subvencións reguladas na Orde TER/836/2022 deben remitir, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción da notificación do acordo, ao Servizo de Comunicación e Tics o Axexo I debidamente cumprimentado.

3º.-Establecer que os convenios cos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes que estean interesados en adherirse a algunha/s das actuacións contempladas nos proxectos para os que se concederon ás subvencións reguladas na Orde TER/836/2022 deben estar formalizados na data límite do 31 de xullo de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á aprobación, se procede, da terceira addenda do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club fluvial de Begonte, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP: 2023/XEN_01/001516), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, se emite o seguinte informe.

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da



actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de decembro de 2022.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro. Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Segundo. Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio”.

Cuarto.- A addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 16 de decembro de 2022.

Quinto.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2023, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 60.031,91 €, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese

na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 e na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023- 2025, no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I) e no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2023 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 e 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”. Segunda.- A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) e da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 (...).”.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de maio de 2023.

Sétimo.- A Técnica superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxecto remitiu, o 8 de xuño de 2023, ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Unha vez realizado o formigonado da pista apareceron fisuras de retracción do formigón, que afectan ao aspecto e acabado do pavimento. Durante os días posteriores ao formigonado foron realizándose medicións destas fisuras para ver o seu avance, e valoráronse distintas opcións de



reparación, na procura de adoptar a solución máis adecuada tendo en conta o uso ao que se destina. Estas propostas serán plantexadas á entidade promotora, a fin de dar as correspondentes instrucións á empresa construtora. Unha vez se proceda á reparación, procederase á execución das restantes actuacións, consistentes no pintado das pistas, subministro e instalación de canastas e valo desmontable. Por estes motivos, propónse: A ampliación dos prazos previstos no Convenio, coa previsión da execución das obras na data límite do 30 de setembro de 2023.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común dispónse que:

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

2. (...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

(..)”

Segunda.- No convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e cuxas addendas foron formalizadas o 16 de decembro de 2022 e o 5 de maio de 2023, establécese que:

Na cláusula Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

“Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

a. Deberá executar as actuacións, valoradas en 60.031,91€, relacionadas no obxecto do convenio.

Cantidade que consiste nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, tendo en conta que o importe que reste e resulte necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio deberá ser financiado polo beneficiario.

b. O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

c. Elaborar o correspondente proxecto ou memoria valorada que defina con precisión as actuacións a executar.

d. Asumir a dirección de obra, a dirección da súa execución e a coordinación en materia de seguridade e saúde.

e. Licitar a execución das actuacións obxecto do convenio con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación.

f. Executar as obras na data límite do 30 de xuño de 2023.

g. Ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

h. Facer entrega do resultado das actuacións ao beneficiario na data límite do 15 de xullo de 2023.

(...)”

Na cláusula Cuarta.- Xustificación.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.



O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de xullo de 2023 a conta xustificativa que se relaciona no apartado II desta cláusula.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de reintegro sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

(..)”

Na cláusula Décimo terceira.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2024 (data límite de aboamento das facturas de execución das actuación obxecto do convenio por parte da Deputación Provincial e da aprobación da conta xustificativa).

As facturas deberán estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2023, e respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a terceira addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de

mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé a modificación do mesmo que media a vontade das partes e que os prazos non están vencidos (dándose cumprimento ao establecido no artigo 32 da LPAC), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusula terceira e cuarta do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 e o 5 de maio de 2023, no senso da terceira addenda que se incorpora ao expediente”.

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 e o 5 de maio de 2023, no seguinte senso:

Terceira addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución



da actuación “Actuacións de mellora no Club fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de decembro de 2022).

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Esteban Pastrana Núñez con DNI xx2782xxx, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, en adiante beneficiario, con NIF V27030840, e con sede social na Rúa Río Ladra s/n – Begonte (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes.

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese

na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de decembro de 2022.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro. Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Segundo. Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio”.

Cuarto.- A addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da



actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 16 de decembro de 2022.

Quinto.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2023, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 60.031,91 €, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 e na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023- 2025, no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I) e no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2023 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 e 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”. Segunda.- A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) e da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 (...).”.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y

turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de maio de 2023.

Sétimo.- A Técnica superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxecto remitiu, o 8 de xuño de 2023, ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Unha vez realizado o formigonado da pista apareceron fisuras de retracción do formigón, que afectan ao aspecto e acabado do pavimento. Durante os días posteriores ao formigonado foron realizándose medicións destas fisuras para ver o seu avance, e valoráronse distintas opcións de reparación, na procura de adoptar a solución máis adecuada tendo en conta o uso ao que se destina. Estas propostas serán plantexadas á entidade promotora, a fin de dar as correspondentes instrucións á empresa construtora. Unha vez se proceda á reparación, procederase á execución das restantes actuacións, consistentes no pintado das pistas, subministro e instalación de canastas e valo desmontable. Por estes motivos,

Proponse: A ampliación dos prazos previstos no Convenio, coa previsión da execución das obras na data límite do 30 de setembro de 2023 “

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta terceira addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

As partes acordan modificar as cláusulas Terceira e Cuarta do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e cuxas



modificacións se formalizaron o 16 de decembro de 2022 e o 5 de maio de 2023, que quedaría redactada no seguinte senso:

Cláusula Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

“Da Deputación:

a) Deberá executar as actuacións, valoradas en 60.031,91 € relacionadas no obxecto do convenio.

Cantidade que consiste nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, tendo en conta que o importe que reste e resulte necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio deberá ser financiado polo beneficiario.

b) O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

c) Elaborar o correspondente proxecto ou memoria valorada que defina con precisión as actuacións a executar.

d) Asumir a dirección de obra, a dirección da súa execución e a coordinación en materia de seguridade e saúde.

e) Licitara a execución das actuacións obxecto do convenio con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación.

f) Executar as obras na data límite do 30 de setembro de 2023.

g) Ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

h) Facer entrega do resultado das actuacións ao beneficiario na data límite do 15 de outubro de 2023.

Do Beneficiario:

a) Obter e achegar todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a execución das actuacións obxecto do convenio, así como pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.

b) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de ser preciso, reste e resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das actuacións obxecto do convenio.

c) Autorizar á Deputación Provincial para que execute as actuacións obxecto do convenio nas instalacións da súa titularidade.

d) Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicialos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

e) Deberá comparecer, por medio dos seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

f) Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

g) Recibir e aceptar o resultado das actuacións obxecto do convenio.

h) Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro”.

Cláusula Cuarta.- Xustificación.

“Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de outubro de 2023 a conta xustificativa que se relaciona no apartado II desta cláusula.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de reintegro sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.



I. Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2022, e ata o 30 de setembro de 2023.

II. Documentación xustificativa.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable:

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Non se aprobará a conta xustificativa no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

O incumprimento destas condicións será causa de reintegro da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes, acordan incorporar ao convenio subscrito con data 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 e o 5 de maio de 2023, esta terceira addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 4 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ACORDO PROVISIONAL SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE” ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 5 de maio de 2023, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2023, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.



2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.

5º.- A aprobación do gasto, por importe de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.

A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, o 8 de maio de 2023.

II.- Como consecuencia das ditas publicacións, recibíronse no Rexistro da Deputación 45 solicitudes de subvencións.

En cumprimento do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiñan a documentación esixida na Base 7.

Resultando que a documentación de varios expedientes estaba incompleta ou defectuosa, requiriuse aos solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, achegaran a documentación necesaria ou emendaran os defectos observados.

Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 14 de xuño de 2023, no que se determinou os solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nos que concurrían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser os seus beneficiarios.

III.- Á vista dos expedientes dos ditos solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, a Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 16 de xuño de 2023, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2023, en favor dos beneficiarios, para os investimentos e nas contías que se relacionan a continuación, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS					
Nº expediente	NIF	Solicitante	Puntuación	INVESTIMENTO	Importe subvención
2023/CCP_01/000925	***4131**	Andrea Ferreiro Fernández	13,49	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.900,00
2023/CCP_01/000915	J27390707	Explotacións Gandeiras Soli, SC	12,00	Elementos manexo gando, reposición postes e malla	2.500,00
2023/CCP_01/000916	***5061**	Isaac Losada Rey	11,00	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000912	***6972**	Isaac Carlos Mosquera Rodríguez	10,00	Elementos manexo gando, pastor eléctrico e elementos de alimentación, postes valado electrificado	2.500,00
2023/CCP_01/000918	V27139153	Monte vecinal en mano común de Carballo	10,00	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000884	***3773**	Estefanía López Vázquez	9,80	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000908	***9441**	José Antonio Fernández López	9,25	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000833	***5822**	Javier Serén Pájaro	9,10	Valado fixo, valado móbil, elementos manexo gando	1.710,00
2023/CCP_01/000902	J04962064	Casa Labradela, SC	9,10	Elementos manexo gando	2.500,00
2023/CCP_01/000872	***2115**	Gonzalo Rodríguez Lamblín	8,42	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.140,00
2023/PES_03/012350	***4549**	María Vanesa Goyanes Álvarez	8,34	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	868,68
2023/CCP_01/000905	***4687**	Ana Pérez Boo	7,92	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00
2023/CCP_01/000520	J27418342	Soñara, SC (en constitución)	7,65	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00



DEPUTACIÓN DE LUGO

Nº expediente	NIF	Solicitante	Puntuación	INVESTIMENTO	Importe subvención
2023/CCP_01/000894	***4569**	Ghizlan Harmouche	7,29	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000920	G72775133	Proxecto Vieiros	7,29	Valado fixo, valado móbil, elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000900	***4195**	Víctor Manuel Piñeiro Yáñez	7,25	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000876	***0803**	Jurgita Zalgyte	7,14	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000880	***5171**	Mª del Carmen González González	7,14	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, postes valado electrificado	902,50
2023/CCP_01/000910	J27441609	Casa do Alcalde, SC	6,84	Valado fixo, valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	2.500,00
2023/CCP_01/000782	***6895**	Mª del Carmen Fernández Carreira	6,63	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación	1.140,59
2023/CCP_01/000873	***3529**	Diego Díaz Pérez	6,62	Pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000875	***4847**	Borja Campo Regueiro	6,60	Valado móbil, pastor eléctrico e elementos de alimentación, elementos de manexo	1.805,00
2023/CCP_01/000901	***4716**	José Vega Eiras	6,58	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000877	***4621**	Fernando Corredoira Vilarriño	6,50	Valado fixo, valado móbil	2.500,00
2023/CCP_01/000883	***9142**	Cándida Novo Reges	6,49	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000904	J27506922	DOD Celtas da Ulloa	6,48	Elementos de manexo	2.500,00
2023/CCP_01/000885	***5804**	Rubén Gómez Martínez	6,44	Elementos de manexo	1.615,00
2023/CCP_01/000878	***3545**	José Ángel Gallego Rodríguez	6,40	Valado fixo, valado móbil, elementos de manexo	1.294,23
TOTAL					59.876,00

2º.- Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan a continuación.

RELACIÓN DE SOLICITUDES DESESTIMADAS			
Expediente	Solicitante	NIF	Causa desestimación
2023/CCP_01/000889	Saúl Rouco Trastoy	***5184**	1
2023/PES_03/012458	Fundación Terreo	G42882704	1
2023/CCP_01/000903	Luis Villares Naveira	***4475**	1
2023/CCP_01/000914	Casa da Escola SC	J27485317	1
2023/CCP_01/000917	Fernando Saavedra Portela	***3906**	1
2023/CCP_01/000787	Óscar Barreira Barreira	***1965**	1
2023/CCP_01/000907	Ángel Lindín Rivas	***4805**	1
2023/CCP_01/000893	Iván Amor Pedreira	***8085**	1
2023/CCP_01/000909	Xosé Fernández López	***6128**	1
2023/CCP_01/000895	Javier López Aldegunde	***7927**	1
2023/CCP_01/000890	Iván Uz López	***4020**	1
2023/CCP_01/000892	Manuela Aldegunde Fernández	***4212**	1
2023/CCP_01/000886	Fernando López García	***4111**	1
2023/CCP_01/000896	Diego Vidal Rey	***9415**	1
2023/PES_03/010937	José Manuel Díaz Fernández	***1041**	1
2023/PES_03/011678	Oscar Santos Buján	***5197**	1
2023/CCP_01/000924	Fogares e apoio ao menor Lar	G32009607	2
Motivos desestimación	1. Aplicación da Base 2: Orzamento esgotado. 2. Incumprimento da Base 4: non realiza silvopastoreo.		

3º.- Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º.- Notificar este Acordo provisional aos interesados, por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052 do 05 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB ANCA	PATINAXE ARTÍSTICA	968,00 EUROS
CLUB ANCA	TROFEO VILA DE SARRIA DE PATINAXE ARTÍSTICA	634,00 EUROS

9.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, TRES (3) PRAZAS DE PORTEIRO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNO, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á



OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, tres (3) prazas de Porteiro/a, da escala de administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) , fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionarios de carreira a:

Don Carlos Fuentes Pardo, para ocupar a praza número 138, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) , adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 96, vinculado á citada praza.

Don Serafín Rodríguez Trashorras, para ocupar a praza número 866, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) , adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 1090, vinculado á citada praza.

Don Manuel Fernández Arias, para ocupar a praza número 110, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) , adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 109, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE DIPLOMADO/A RESTAURACIÓN DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS MEDIOS/AS, GRUPO A – SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na



Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Diplomado/a Restauración, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos/as medios/as, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Blanca María Besteiro García, para ocupar a praza número 757, denominada Diplomado/a Restauración, escala administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Diplomado/a Restauración Entrada número 1123, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TELECOMUNICACIÓNS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO

CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022- TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, unha (1) praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don Diego Rodríguez Albardonedo, para ocupar a praza número 843, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións, escala administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de



estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións entrada número 1327.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A – SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

